

**SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN CUN CONTENEDOR  
NA PRAIA DE CESANTES**

PLENO 29 XANEIRO 2015. ACTA 02/2015

**Coñecida a recente adquisición do contedor da praia de Cesantes á mesma empresa que se contrataou para un curso de verán, solicitamos a comparecencia do alcalde para que explique o proceso de compra e con que criterio se valorou dita compra fronte a outras opcións.**

*O alcalde sinala que xa se explicou no pleno que se adquiriu para adicalo a actividades relacionadas co eido do mar e houbo unha tasación por técnicos do Concello e o valoraron. Está a información no expediente.*

*O concelleiro BLANCO PÉREZ di que isto ven de atrás cando se fixo un curso de ocio turístico e náutico cuxo custe foi reparado polo interventor por posible fraccionamento do contrato. Sinala que se lle fixeron cinco contratos diferentes á mesma empresa e aínda por riba lle compran o contedor.*

*O alcalde sinala que non pode explicarlle moito porque a comparecencia non ía nese sentido e o expediente está rematado polo que pensa que levantou o reparo. Está todo no expediente e para él non había fraccionamento.*